

novas en

# branco e negro



Número 32 • Outubro 2008

## Inaugurados os **novos laboratorios** de Transferencia Embrionaria

UNIDADE DE TRANSFERENCIA EMBRIONARIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural



FEDERACIÓN FRISONA GALEGA

Ademais neste número...

Eleccións xerais Africor e Fefriga • Resultados do VIII Concurso de Pintura Fefriga 2008 • Melloras explotacións por ICO e Vacas estrela • Lingua Azul, ¿qué debemos saber? • Avance programa Semana Verde 2008 • IV Escola de Xóvenes Manexadores...



# XACOBEO

ESPM9202311402

BW MARSHALL x RUDOLPH EX-94 x MANDEL VG-88 x  
BLACKSTAR EX-91 x CLEITUS EX-90 x ROTATE EX-91



MARIO XACOBEO ET TL TV MB-89



XENÉTICA FONTAO



## Nº1 de ESPAÑA

Probas CONAFE Xullo 2008



LEONARDO XACOBEO CELTA BB-84 SM-85



LEONARDO XACOBEO CELTA BB-84 SM-85



MAREY XACOBEO COPO DE NIEVE BB-82 SM-83



NUVEIRA ISA XACOBEO BB-83 SM-83

- FAMILIA "CLEITUS JEAN"
- ALTAS PRODUCCIÓN CON TIPO EXCEPCIONAL
- UBRES EXCELENTES, BEN INSERTADOS E MOI RECOLLIDOS
- MAGNÍFICA CONFORMACIÓN DE PATAS E PÉS
- FACILIDADE DE PARTO

XACOBEO

+1.181 Qg. L. +30 Qg PROT. TIPO: +3,54 UBRES: +3,48 PATAS: +2,43  
ESTATURA: +2,98 ANGULOSIDADE: +2,40 UBRE ANT.: +4,02 PROF. DO UBRE: +3,27



# sumario

## Actualidade

Inauguración dos novos laboratorios de T.E. ....	4
Eleccións xerais Africor e Fefriga .....	8
Imposición da Insignia de Ouro Fefriga .....	8
Resultados do VIII Concurso de Pintura Fefriga 2008.....	9
Resultados da XII Subhasta TOP-BOS .....	10
Mellores explotacións por ICO e Vacas estrela .....	12

## Saúde animal

Lingua Azul, ¿qué debemos saber? .....	14
entrevista a D. Francisco Chivite Mosquera Subdirector Xeral de Gandarías	

## Semana Verde 2008

Avance programa .....	18
Regulamento do concurso .....	19
Seccións .....	23
Resumo de premios .....	24
IV Escola de Xóvenes Manexadores .....	26
A páxina do CXG .....	28
Mario Xacobeo .....	30
Axenda 08 .....	30



Editado por:

### Federación Frisona Galega

R/ Melide, 25-27 - baixo  
15705 Santiago de Compostela  
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879  
+34 981 573 775  
e-mail: [fefriga@fefriga.com](mailto:fefriga@fefriga.com)  
Web: [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com)

Director: Francesc X. Grau  
D.L.G.: PO-187-99

Xunta Directiva  
Presidente: D. Rafael Méndez Guerra  
Vicepresidente: D. Álvaro J. Castro Fernández  
Secretario: D. José Carlos Vega Rodríguez  
Tesoureiro: D. Juan Álvarez Losada  
Interventor: D. Luis Seoane Labandeira  
Vocais: D. Fco. Manuel Penabaz Pita  
D. Antonio Pérez Castro  
D. J. Manuel Madiñán Castro





# Inauguración dos novos laboratorios de T.E.

O pasado día 16 de setembro, e acompañado do Sr. Conselleiro do Medio Rural, D. Alfredo Suárez Canal, a Sra. Alcaldesa de Bergondo, D<sup>a</sup>. Alejandra Pérez, altos cargos da Consellería, Directivos de Fefriga, Africores e Conafe e un bo número de técnicos e gandeiros que traballan co material xenético producido en Bos, o **Sr. Vicepresidente da Xunta de Galiza D. Anxo Quintana**, inauguraba os novos Laboratorios e instalacións de Transferencia Embrionaria de Bos, dando un novo impulso á fructífera colaboración que, dende fai case dúas décadas mantemos Consellería do Medio Rural e Criadores de Frisón Selecto de Galicia.

Na nova etapa que abre a modernización das instalacións da UTE de Bos, é importante recordar que, a pesar da súa importancia, son tan só unha peza máis do complexo "puzzle" que supón, (xunto ó Control Leiteiro, Libro Xenético da Raza Frisona, Centro de Inseminación Artificial de Fontao, Laboratorios de Sanidade Pecuaria e Interprofesional, etc..) o **Plan de Mellora Gandeira de Galicia**, que entre todos, Consellería e gandeiros, estamos desenvolvendo. Dentro deste esquema, os novos laboratorios da UTE de Bos, son unha ferramenta máis de traballo que nos permitirá, -ademáis de manter

a normal produción de embrións e prestar un mellor servizo ós criadores,- incrementar a participación en programas de I+D+i, así como o desenvolvemento de novas técnicas reproductivas (sexaxe e división de embrións, fecundación in vitro, etc,..) de gran importancia para a multiplicación e máximo aproveitamento da extraordinaria, e cada vez máis recoñecida, xenética que estamos producindo en Galiza.

Durante o acto de inauguración, os Sres. Vicepresidente e Conselleiro, fixeron fincapé nos avances logrados pola Cabana Frisona Galega nos últimos anos, e tamén sobre o extraordinario potencial que ésta



ten como productora de animais, seme e embrións, da máis alta calidade xenética e sanitaria, animando ós gandeiros a crer nas nosas posibilidades e a empregar os abundantes medios e recursos naturais de que Galiza hoxe dispón. En canto á situación de Galiza en xeral, e especialmente no que respecta ás perspectivas de futuro para o noso sector, o Sr. Vicepresidente indicou que, Galiza na actualidade ten os mesmos problemas que todo o mundo e tamén, o sector leiteiro galego, pero asegurou, que a Administración, cando se lle solicita apoio e se reclama, con razón, compromiso co sector, o mellor que pode facer é ofrecer ese compromiso coxuntural, pero sobre todo un compromiso para o futuro. *“Se nós non creramos no medio rural e na ganadería de Galiza, non estaríamos facendo estes investimentos de futuro. Polo tanto, a solución non son medidas coxunturais, senón instrumentos para fortalecernos e competir na nova organización do mercado do leite”*; igualmente recordou que o sector gandeiro é moi importante para os que traballan e viven del, *“pero tamén é importante para o país porque vertebra a nosa economía e é garantía de futuro”*.

Dende estas páxinas, e en nome da Xunta Directiva da Federación queremos manifestar o noso agradecemento ó Sr. Vicepresidente da Xunta e o Sr. Conselleiro do Medio Rural, por ter impulsado e apoiado a execución deste importante proxecto, amosándonos unha vez máis, a confianza que teñen depositada nos gandeiros galegos e no futuro do noso sector. Tamén, queremos, ter unhas palabras de agradecemento para unha persoa moi especial para todos nós, un gran técnico, amigo excepcional e “alma mater” dos novos laboratorios e instalacións, referímonos ó Sr. Director Xeral, D. Antonio Oca quen, co seu extraordinario equipo, están traballando infatigablemente cos gandeiros na Mellora da nosa Cabana Gandeira.

Igualmente e para rematar, o noso agradecemento ós gandeiros que dende fai anos confían e traballan ca xenética que estamos a producir en Galiza.



Visita ó novo laboratorio  
Director Técnico da UTE de Bos, Sr. Conselleiro do Medio Rural,  
Sr. Vicepresidente da Xunta e Doctora Mónica Barrio (Bos).




Explicación sobre o sistema de venda de embrións vía internet




O Sr. Presidente de Fefriga dá a benvinda a autoridades e invitados



# a inauguración en imaxes









# Eleccións xerais en Africor e Fefriga

Dacordo co previsto nos seus estatutos, ó longo do pasado mes de xullo celebráronse as eleccións xerais nas catro Africor e finalmente en Fefriga, para a renovación das xuntas directivas. Do proceso electoral resultaron eleixidos:

## Africor-Coruña

Presidente:  
**D. Luis Seonae Labandeira**

Vicepresidente:  
**D. Manuel Antelo Vilariño**

Secretario:  
**D. J. Pedro Cambón Fernández**

Tesorero:  
**D. Andrés Fomoso Vázquez**

Interventor:  
**D. Fco. Manuel Penabad Pita**

Vogais:  
**D. Javier Casás Gómez**  
**D. Ramón Bodelo Pichel**

## Africor-Lugo

Presidente:  
**D. José Manuel López Tellado**

Vicepresidente:  
**D. Alvaro J. Castro Fernández**

Secretario:  
**D. José Carlos Vega Rodríguez**

Tesorero:  
**D. Manuel Sandamil Cabana**

Interventor:  
**D. Manuel Capón Rodríguez**

Vogais:  
**D. José Iglesia Iglesia**  
**D. J. Aquilino Rodríguez López**

## Africor-Ourense

Presidente:  
**D. Antonio Pérez Castro**

Vicepresidente:  
**D. Albino Pérez Rodríguez**

Secretario:  
**D. Juan Álvarez Losada**

Tesorero:  
**D. Augusto Cid Cabido**

Interventor:  
**D<sup>a</sup>. Rosa González Méndez**

Vogal:  
**D. Juan Manuel Dapena Pérez**



**D. Rafael Méndez Guerra**  
novo Presidente de Fefriga

## Africor-Pontevedra

Presidente:  
**D. Rafael Méndez Guerra**

Vicepresidente:  
**D. J. Manuel Madriñán Castro**

Secretario:  
**D. José M<sup>a</sup> Montes Vázquez**

Tesorero:  
**D. Paulino González Fernández**

Interventor:  
**D. Delfín A. Lalín Iglesias**

Vogais:  
**D. Juan Carlos Troitiño Rozados**  
**D. Faustino Iglesias Iglesias**

## Fefriga

Presidente  
**D. Rafael Méndez Guerra**

Vicepresidente  
**D. Álvaro José Castro Fernández**

Secretario  
**D. José Carlos Vega Rodríguez**

Tesoureiro  
**D. Juan Álvarez Losada**

Interventor  
**D. Luis Seoane Labandeira**

Vogais:  
**D. Francisco Manuel Penabad Pita**  
**D. Antonio Pérez Castro**  
**D. José Manuel Madriñán Castro**

# Insignia de Ouro Fefriga 08



Tralo aprazamento dos Concursos, actividades e actos programados para os días 11 ó 15 de Xuño, con motivo da celebración da Feira Internacional Semana Verde, o pasado día 3 de Xuño, coincidindo co xulgamento do VIII Concurso de Pintura Fefriga '08 e durante a comida que a Xunta Directiva ofreceu ós membros do xurado, -e á que tamén asistiu o Sr. Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria,- procedeuse á imposición da Insignia de Ouro de Fefriga a Dn. Víctor Tello Calvo, concedida en recoñecemento a súa traxectoria profesional adicada ó desenvolvemento, modernización e profesionalización do Agro Galego en Xeral, e de maneira especial na implantación e consolidación do Programa de Mellora Gandeira de Galiza nos seus tempos de Director Xeral. Dn. Víctor nas súas verbas e ó tempo que facía un repaso ás diferentes circunstancias e situacións que ten vivido ó longo destes anos, manifestounos o seu agradecemento pola concesión de dita Insignia "máxime tendo en conta que xa non son Director Xeral" pregándonos o fixeramos chegar a todos e cada un dos socios da Federación, o cal, e con moito pracer, facémolo dende éstas páxinas.



# VIII Concurso de Pintura Fefriga 2008



Nesta edición o xurado estivo composto por:

**D. Anxo Vázquez Pernas**  
Director dos programas "O Agro" e "Labranza" (T.V.G.)

**D<sup>a</sup>. Ánxeles Penas García**  
Escritora, escultora e crítica de arte do "Ideal Gallego".

**D. Víctor Tello Calvo**  
Enxeñeiro agrónomo.

**D. José Manuel López Marcos**  
Director de Caixa Rural Galega (Santiago de Compostela).

**D. Luis Seoane Labandeira**  
Presidente de Fefriga.

**D. Francesc X. Grau**  
Director-xerente de Fefriga.

## Alevín


Premio	Título	Participante	Localidade
1º	"O Establo"	D. José López López	Silleda (Pontevedra)
2º	"A Granxa de Alba"	D <sup>a</sup> . Alba Candal Parafita	Santiago (A Coruña)
3º	"Chegou a Primavera"	D. Roi Vázquez Torres	Chantada (Lugo)

## Infantil


Premio	Título	Participante	Localidade
1º	"Cada vez quedais menos, pero sodes as máis bonitas"	D. Noel Rodríguez Alvite	Pol (Lugo)
2º	"¡Que non nos quiten o campo!"	D <sup>a</sup> . Lorena M <sup>a</sup> Rodríguez Alvite	Pol (Lugo)
3º	"Vacaciones"	D <sup>a</sup> . Lucía González Rodríguez	Silleda (Pontevedra)

## Junior



Premio	Título	Participante	Localidade
1º	"Noite estrelada"	D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Ester Iglesias Bello	Cerdedo (Pontevedra)
2º	"A Raza Frisona sostén o mundo rural"	D <sup>a</sup> . María Carbón Sabín	A Capela (A Coruña)
3º	"Cousiñas aquelas..."	D <sup>a</sup> . Cristina González Abeledo	Lalín (Pontevedra)



Alevín



Infantil



Junior

Os traballos estarán expostos durante os días 21-23 de novembro coincidindo coa celebración do Concurso Autonómico



# XII Subhasta Top-Bos

**Bos, 14 de xuño de 2008**

Tras superar os numerosos inconvintes que supuxo a súa organización, o pasado sábado día 14, ás 16:30 horas, -e co apoio que coa súa presenza nos brindaron os Sres: Conselleiro do Medio Rural, Alcadesa de Bergondo, Delegada da Consellería en A Coruña, Director e Subdirector Xeral e outras autoridades,- daba comezo a XII Subhasta Top-Bos que, nesta ocasión, e debido ás circunstancias, celebrouse nas instalacións da Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos en Guísamo, A Coruña.

A calidade dos animais presentados a subasta, así como o prestixio que a mesma foi acumulando ó longo dos anos, fixo que un nutrido grupo de gandeiros asistiran dispostos a adquirir algún dos 21 animais, -xurdidos do Plan de Mellora Gandeira de Galicia- ofertados. Boa mostra do interese despertado coa xenética subastada foron os 6.228 €

de media acadados, sendo BOS ALLEN RAISA, con un prezo de 11.500 €, o animal máis cotizado. Cabe destacar que RAISA (da familia DELLIA) é a 3ª xeración de animais nados e criados na UTE de Bos.

Queremos manifestar o noso agradecemento polo apoio e colaboración que recibimos da Consellería do Medio Rural, Concello de Bergondo e Fundación Semana Verde de Galicia, sen os cales non tería sido posible celebrar a subasta. Tamen agradecer a colaboración e comprensión de todos os gandeiros ante os cambios que, -por mor da situación,- nos vimos obrigados a realizar e finalmente, e de maneira especial, a todos os compradores ós que brindamos o noso apoio e desexamos o maior dos éxitos cos animais adquiridos.

**A todos MOITAS GRAZAS**

Lote	Animal	Saida	Remate	Comprador	Localidade
15	BOS REGGIE KEYNA ET	2.000 €	3.500 €	XERCAS-PERNAS	XERMADE-LUGO
16	BOS CHAMPION DOLLY ET	2.000 €	5.500 €	DUBRA, S.C. & CANDENDO, S.C.	TRAZO/TORDOIA-A CORUÑA
6	BOS MODEST JANOLA ET	1.500 €	5.900 €	XERCAS-PORTALOUA	XERMADE-LUGO
11	BOS ROLEX CHANTILLY ET	1.800 €	5.900 €	JIMENEZ DE LA ROSA, S.C.	UTRERA-SEVILLA
20	BOS BW MARSHALL ROSINA 0427 ET	2.000 €	7.000 €	COOP. OS AMERICANOS & SAT FRADE	VILA DE CRUCES-PONTEVEDRA
1	BOS ROY CORY	1.200 €	3.600 €	DUBRA, SC&CANDENDO, S.C.	TRAZO/TORDOIA-A CORUÑA
10	BOS PERSIA RED MINERVA ET	1.800 €	4.800 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA-A CORUÑA
9	BOS ALLEN RAISA	2.000 €	11.500 €	CAMINO DEL CASTILLO, S. COOP. AND.	FUENTES DE ANDALUCIA-SEVILLA
3	BOS ROY CHRIS	1.500 €	4.900 €	SAT TEIXEIRO	A PASTORIZA-LUGO
22	BOS LHEROS LORE	1.800 €	4.000 €	XERCAS-PORTALOUA	XERMADE-LUGO
14	BOS REGGIE EASY ET	1.800 €	4.900 €	SAT SAN VICENTE DE NIVEIRO	VAL DO DUBRA-A CORUÑA
21	BOS FINLEY CHRISTMAS ET	2.000 €	6.900 €	SAT TEIXEIRO	A PASTORIZA-LUGO
4	BOS POTTER BELISANTA ET	1.500 €	8.600 €	JIMENEZ DE LA ROSA, S.C.	UTRERA-SEVILLA
23	BOS GIBSON ANA	2.000 €	6.100 €	SAT GANDERIA XUSTO	CASTRO DE REI-LUGO
17	BOS LANCELOT CINDERELLA ET	2.000 €	8.400 €	XERCAS-CAVADAS	XERMADE-LUGO
2	BOS FINAL CUT DARLEN	1.200 €	4.300 €	GANDERIA CANDENDO, S.C.	TORDOIA-A CORUÑA
7	BOS MR SAM FRIDA ET	2.000 €	6.600 €	COOP. OS AMERICANOS & SAT FRADE	VILA DE CRUCES-PONTEVEDRA
12	BOS REGGIE ZOBRA ET	2.000 €	6.800 €	CASA DO CAPADOR	A PASTORIZA-LUGO
8	BOS MAGICAL CARMAN ET	2.000 €	6.300 €	CAMINO DEL CASTILLO, S. COOP. AND.	FUENTES DE ANDALUCIA-SEVILLA
5	BOS POTTER JENNY ET	1.500 €	7.700 €	CAMINO DEL CASTILLO, S. COOP. AND.	FUENTES DE ANDALUCIA-SEVILLA
13	BOS TITANIC BERENICE	2.000 €	7.600 €	CASA DO CAPADOR	A PASTORIZA-LUGO

**Total: 130.800,00**

**Media: 6.228,57**







# Mellores explotacións por ICO

Xullo de 2008

A modo de información a tódolos socios en xeral e como promoción das propias ganderías, Branco e Negro publica despois de cada avaliación xenética, a relación das mellores explotacións de Galicia por Índices Xenéticos (ICO). Para ser publicadas, as explotacións deben de reunir as condicións seguintes:

- O rabaño debe ter un mínimo de 17 reproductoras.
- Esixírase un mínimo do 75% de animais valorados (valorados ICO), sobre reproductoras rexistradas de máis de 36 meses, co fin de obter rabaños representativos.

• Non serán consideradas, nin publicadas, as ganderías con máis do 5% de reproductoras no Rexistro Auxiliar Categoría "A", sobre o total do censo de reproductoras.

• Nesta lista os rabaños distínguense polo nº de reproductoras dos mesmos, sendo:

de 17 a 75      de 75 a 200      de + de 200

Código	Gandería	ICO	Kg./L	Kg./G	% Prot.	Kg./Prot	IPP	ICU	IGT	RCS
G151641	UTE DE BOS	1735	539	16	-0,01	16	0,93	1,46	1,67	99
G151088	CASA CANEDA	1632	464	16	-0,02	13	1,14	1,25	1,6	99
G150502	S.A.T. CASA MENOR 1017 XUGA	1575	575	17	-0,02	17	0,65	1,04	1,08	101
G271347	S.A.T. CASA CAETANO	1533	452	13	0	14	0,9	0,96	1,04	101
G360002	DIP.PROVINCIAL-FINCA MOURISCAD	1517	559	13	0	18	0,51	0,71	0,87	96
G271076	SC QUINTIAN	1505	551	13	-0,01	17	0,78	0,58	1,06	98
G272745	ROQUE	1502	490	17	0,05	20	0,56	0,44	0,7	99
G271589	CASA DE BAIXO	1500	277	13	0,02	10	1,14	1,02	1,23	101
G150445	PUMAR DE BUXAN	1497	503	12	-0,04	12	0,64	1,06	1,23	101
G270818	GANADERIA PENA	1492	486	11	-0,03	13	0,58	0,97	1,32	101
G150737	S.A.T. 828 ILMA-XUGA	1492	566	16	0,04	21	0,14	0,57	0,22	102
G270620	S.C. OUTEIRO	1486	274	7	0,01	10	0,92	1,25	1,46	97
G270029	LAR DE GRACOZA,S.C.	1484	361	10	0,02	13	0,85	0,97	1,19	98
G270630	NODI, S.C.	1479	300	12	-0,02	8	0,93	1,35	1,54	102
G150380	S.A.T. LANGUEIRON XUGA 934	1479	382	14	0,04	16	0,61	0,72	0,85	101
G271148	MANUEL ARIAS DIAZ	1478	347	18	0,03	14	0,62	0,77	0,98	101
G271965	CASA CHICHO	1473	421	16	0,08	21	0,43	0,43	0,65	101
G270644	PERRELOS	1471	353	10	0,01	12	0,79	0,97	1,13	100
G272182	GANADERIA BASADRE	1468	332	14	0,07	16	0,54	0,7	0,8	101
G271254	S.A.T. VILAR-ALAXE	1465	398	11	-0,02	11	0,67	1,13	1,31	100
G150196	RAMOS	1463	420	10	0,01	14	0,76	0,78	0,91	100
G150494	FREIRE PEREZ, S.C.	1462	541	13	-0,03	14	0,69	0,67	0,9	99
G150532	VILASUSO SDAD.COOP.GALEGA	1462	388	11	0	12	0,82	0,98	0,98	99
G150157	OS CASTROS	1460	426	12	-0,02	12	0,68	0,92	1,04	101
G270665	GRANJA REIJA	1459	286	10	-0,01	8	0,99	1,16	1,3	103
G151096	GRANXA NAVEIRAS	1454	401	13	-0,05	8	0,75	1,13	1,24	103
G150655	CASA GRANDE DE RODIS	1452	453	13	0,01	15	0,7	0,71	0,79	99
G150719	ROSENDE DE SAMEDE	1452	299	9	0,01	11	0,82	1,07	1,17	100
G271380	POLVOREIRO,S.C.	1446	408	21	0,08	20	0,4	0,25	0,36	100
G151632	XENDRE	1439	371	11	0	12	0,9	0,81	1	100
G270656	CAVADAS SAT XUGA 941	1438	460	12	-0,03	12	0,5	0,95	1,1	98
G270529	LOPEZ TELLADO,GANADERIA MASEDA	1435	547	12	-0,04	14	0,7	0,73	0,74	100
G270954	GRANXA CASA DO CANTEIRO,S.C.	1434	339	14	0,05	15	0,63	0,64	0,72	100
G272500	CASA MEILAN	1430	349	16	0,02	13	0,63	0,65	0,9	103
G271213	S.A.T. SAN MIGUEL	1426	390	13	0,02	14	0,54	0,72	0,81	101
G150151	MESON DO VENTO AGROPS.L.	1423	544	15	0,01	18	0,2	0,55	0,42	99
G150643	S.A.T. XUGA 747 FONTELAS	1423	400	13	-0,03	10	0,73	0,96	1,16	100
G271086	GANADERIA LENZA, S.C.	1422	464	14	0	15	0,6	0,53	0,57	101
G151406	VIEITES	1422	279	8	-0,01	8	1	0,97	1,17	101



Código	Gandería	ICO	Kg./L	Kg./G	% Prot.	Kg./Prot	IPP	ICU	IGT	RCS
G271729	CASAGRANDE	1421	230	16	0,08	14	0,46	0,83	0,61	102
G270639	VILLAESTEBA AGROP,S.C.	1415	579	20	-0,01	17	0,35	0,34	0,44	98
G150412	GANADERIA FERNANDEZ SANCHEZ,S.	1415	285	14	0,02	11	0,73	0,8	0,97	102
G271458	S.A.T. VILLAMAYOR DE NEGRAL	1413	447	11	0,01	15	0,3	0,72	0,82	101
G271120	VEGA, C.B.	1410	296	12	0,02	11	0,7	0,83	1,06	101
G270553	VILAR DE SUSAO	1409	479	10	-0,02	13	0,51	0,75	0,84	98
G270475	S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA	1409	302	10	0,06	15	0,64	0,67	0,98	98
G150951	MANUEL SANCHEZ SANCHEZ	1406	397	15	0	12	0,48	0,81	0,87	99
G360697	BLANCO	1401	350	11	0	11	0,61	0,77	0,94	100
G271338	CARBALLIDO	1399	481	19	0,03	18	0,58	0,13	0,38	97
G150351	RUZO,S.C.	1399	356	10	-0,01	10	0,7	0,89	0,91	100
G150298	GRANXA CAXIGUEIRA	1397	210	8	-0,02	5	0,76	1,35	1,46	99
G270015	CHAIN S.C.L.	1397	568	16	-0,03	15	0,32	0,48	0,51	100
G270744	CASA DE QUEIZAN	1395	468	14	0	15	0,48	0,53	0,62	100
G151773	MOSQUEIRA	1395	365	13	0,02	13	0,67	0,55	0,74	103
G270798	BARRIO, S.C.	1395	524	16	-0,01	16	0,35	0,48	0,6	99
G150512	GANADERIA VILAFERREIROS,S.C.	1394	366	9	-0,04	8	0,85	1,03	1,16	100
G270414	S.A.T. SALCEDO 529 XUGA	1392	490	13	0,01	16	0,38	0,54	0,6	98
G270773	PORTALOUSA	1392	376	9	-0,02	11	0,55	0,91	1,07	97
G150568	SAMEDE SDAD.COORL.TDA.GALEGA	1391	422	11	0	14	0,64	0,63	0,76	99
G271264	S.A.T. ALGRABUSAN	1389	301	9	-0,01	9	0,67	0,97	1,08	101

## Vacas estrela

Nome	M.O./E	Nº★	Xenealoxía	Propietario
BOS XERCAS PORTA PATRON ET	VMO	6	PATRON x THOR	PORTALOUSA
ALTAGEN ASTRE SALENA	VMO	6	ASTRE x SOUTHWIND	GRANJA GAYOSO CASTRO
ALBAPROGET BETH AEROSTAR ET	VMO	4	AEROSTAR x CHIEF MARK	S.C. OUTEIRO
AEROSTAR ROSIE	VMO	3	AEROSTAR x MAI	GANADERIA PENA
GRANDE BOMBI VALHALLA KASSANDR	VMO	3	VALHALLA	S.A.T. GRANDE
ALTAGEN RUDOLPH MYSTRI ET	VMO	3	RUDOLPH x LINDY	GANADERIA PENA
BOS GRAND LADRA ET	VE	2	GRAND x AEROSTAR	GRANXA CAXIGUEIRA
PAZ AEROSTAR CHACUNE 2	VE	2	AEROSTAR x COACHMAN	S.A.T. OS ARROXOS
UGASMA 4630	VE	2	MATTIE x VALIANT TAB	UGASMA
MACARENA AEROSTAR 66	VE	2	AEROSTAR x CER	O PETON
XALO C MARK RUCA	VE	2	CHIEF MARK x VALIANT TAB	CARLOS IGLESIAS CARREIRA
ALFREDO SULTAN NIEBLA	VE	2	SULTAN x LUSSO	ALFREDO
IGLESIAS GABBY GABINETA	VE	2	GABBY x BLACK JACK	IGLESIAS-FERRADAS, S.C.
EURO RUDOLPH NAR XOSE ET	VE	2	RUDOLPH x DOMBINATOR	NAR-XOSE,SDAD.COOP.GALEGA
BOS PROGRESS TESTA ET	VEE	2	PROGRESS x TESK	UTE DE BOS
CACHITO GITNANA FURELOS	VE	1	FURELOS	ESPERANTE CAAMAÑO,S.C.
VIEITEZ STORM TAMARA	VE	1	STORM x KANSO	VIEITEZ
VEGA BUSTER NUDESA	VE	1	BUSTER x LINCOLN	VEGA, C.B.
MANTOÑO INTEGRITY HILLARY	VE	1	INTEGRITY	MANTOÑO HOLSTEIN
BOS OUTSIDE GAIGO CURUXAI ET	VE	1	OUTSIDE x MERRILL	S.A.T. GAIGO XUGA 1074
GOLFA	VE	1	DUSTY x LINDY	MOSQUEIRA
REY 208 FLOR STORM	VE	1	STORM	S.A.T. REY DE MIÑOTELO
HORNISSE TAB 115 RUDOLPH	VE	1	RUDOLPH x VALIANT TAB	S.A.T. FAMILIA MARTINEZ
BOS MARTY DANA ET	VEE	1	MARTY x MELWOOD	UGASMA
ALTAGEN MASON RACHELLE	VEE	1	MASON x MATTADOR	GRANJA GAYOSO CASTRO

VMO (Vaca Medalla de Ouro) • VEE (Vaca Estrela por fillas procedentes de Transplante de Embríons) • VE (Vaca Estrela)



# Lingua Azul

## ¿qué debemos saber?



Ante a incerteza e dúbidas que a Lingua Azul xera no sector e a fin de obter unha maior información sobre a enfermidade, riscos que conleva, consecuencias, medidas preventivas, etc., e tamén, como afecta ó movemento de animais, o pasado día 9 de outubro contactamos co Sr. Subdirector Xeral de Gandaría, D. Francisco Chivite Mosquera, e plantexámoslle unha serie de preguntas que conside-

ramos axudaran a todos a coñecer mellor dita enfermidade e como actuar fronte a ela.

Dende estas páxinas queremos agradecer ó Sr. Subdirector Xeral o tempo e atención que nos adicou, así como a abundante información que nas súas respostas ofreceu sobre este tema, as cales reproducimos nestas páxinas.

### **¿Cal é a situación actual da enfermidade en Galiza? ¿Cantas zonas diferentes poden darse en relación á Lingua Azul?**

Dende o pasado día 1 de setembro, co comezo da campaña de vacinación, e a pesar de que non se tiña detectado ningún caso de Lingua Azul en animais nados ou criados en Galiza, todo o territorio Galego quedou declarado zona restrinxida por Lingua Azul fronte aos serotipos 1 e 8 por ser estes os dous serotipos contra os que estamos protexendo á nosa cabaña gandeira. A declaración de zona restrinxida foi unha condición imposta pola UE para permitir o uso de vacinas en territorios que como Galiza decidiron iniciar a vacinación antes de detectar a chegada da enfermidade.

A partir do 22 de setembro coa confirmación realizada polo laboratorio central de referencia (LCR) de Algete da circulación de virus do serotipo 1, entre animais nados ou criados en Galiza todo o territorio galego quedou afectado polo radio de 150 kilómetros entrono aos focos. Dende este momento

para xestionar a enfermidade debemos diferenciar dous tipos de zonas dentro da nosa Comunidade: As comarcas onde xa foi confirmada a enfermidade (circulación viral) e as comarcas onde non foi detectada. Estas últimas gozan dun estatus transitorio de protección fronte á entrada de animais procedentes doutras zonas españolas declaradas restrinxidas antes que Galiza, ou con circulación viral detectada.

### **Tanto a vacinación como a desinsectación dos animais parecen ser as ferramentas máis útiles no control da enfermidade, ¿pero a que outros niveis se pode actuar nas propias explotacións?**

Efectivamente a vacinación preséntase como medio definitivo para o control da enfermidade, é necesario asegurar a cobertura vacinal da totalidade da cabaña mediante a aplicación de dúas doses de vacina no menor tempo posible, neste sentido convén sinalar a importancia de que os gandeiros colaboren ao máximo cos equipos de vacinación diminuindo

ao máximo os tempos empregados.

Entre tanto non se implanta a vacinación como método de contención recoméndase encarecidamente a utilización de desinsectantes ou repelentes eficaces contra os mosquitos transmisores da enfermidade (culicoides), tamén pode ser útil en dependencia do tipo de explotación, a instalación de mallas mosquiteiras nos ocos practicables das instalacións onde se albergan os animais, evitar o pastoreo nas horas de máxima actividade dos mosquitos (amencer e á tardiña), así como manter as instalacións en perfectas condicións hixénicas evitando lugares propicios para a cría dos mosquitos (restos de alimentos apodrecidos, zonas encharcadas con restos orgánicos...).

Outro aspecto moi importante é evitar a incorporación de animais procedentes de zonas de risco, e no caso de que se faga este tipo de compras, que eu cualificaría de temerarias, asegurarse de que o animal permanece protexido fronte ao ataque dos mosquitos entre tanto non se implanta a vacinación nos demais animais da explotación.

### **¿Qué inversión supón a campaña contra a Lingua Azul e quén a financia?**

Durante 2008 as doses vacinais están a ser subministradas polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño (MARM), non teño os datos do custo que a adquisición da vacina lle supón as arcas do estado. A Xunta asume con fondos propios o custo do operativo de aplicación da vacinación nas explotacións para o que formalizou unha contratación por importe de 5.010.000 €, importe ao que haberá que engadirlle os custos de dotación de material e do propio gasto de persoal veterinario oficial que tamén está participando neste operativo de vacinación.

### **¿Quén está aplicando a vacina? (veterinarios oficiais, ADS)**

Veterinarios contratados pola empresa pública Tragsesa, veterinarios oficiais dependentes da Consellería do Medio Rural, e algúns veterinarios das ADSG que optaron por ofrecerlle aos seus asociados o ser-



Conxestión hemorráxica no morro dun bovino afectado pola enfermidade



vizo de vacinación, para o que contan co apoio da Consellaría mediante a aportación de todo tipo de material necesario no desenvolvemento da vacinación, e para a coordinación co restante operativo.

### ¿Que tipo de vacina se emprega?

Estamos utilizando vacinas fabricadas pola empresa galega CZ Veterinaria, punteira no sector a nivel mundial. Tanto para o serotipo 1 como para o serotipo 8 trátase de vacinas inactivadas, o que garante a seguridade de aplicación.

### ¿Pode a propia vacina provocar algún tipo de reacción secundaria nos animais?

Como en calquera campaña de vacinación masiva, non é posible descartar completamente a presentación dalgún efecto adverso nalgún dos animais inoculados. Téñase en conta que imos realizar 5.600.000 aplicacións (Temos un censo de 1.400.000 cabezas a vacinar administrándolle dúas doses de cada un dos dous serotipos). En todo caso, dicir que, para que unha vacina sexa autorizada oficialmente debe ser testada e superar todas as probas de seguridade establecidas. En todo caso a aplicación deste tipo de vacina en Galiza, ven precedido dunha longa experiencia de aplicación de millóns de doses noutros territorios europeos, podéndose constatar que a comunicación de efectos adversos é absolutamente esporádica.

### ¿Cómo interfire a vacina nos resultados das probas laboratoriais?

Por tratarse dunha vacina inactivada elaborada só a partir da cuberta proteica do virus, é perfectamente diferenciable mediante probas diagnósticas laboratoriais entre un animal infectado e un animal vacunado.

### ¿Cándo cree que rematará a campaña? ¿A partir desa data os animais poderán circular libremente ou será necesario algún outro control?

A programación inicial é rematar o groso da campaña de vacinación co remate do ano 2008, aínda que temos previsto tamén ter que realizar vacinacións durante o ano 2009, ano no que ademais hai que prever a realización dunha segunda campaña vacinal xeralizada.

Segundo a normativa vixente, os animais vacunados poderán moverse libremente despois de ter transcorridos 70 días tras a aplicación da segunda dose da vacina.

### En España estase vacinando fronte ós serotipos 1, 8 e 4. Sen embargo coñécense 24 serotipos, ¿as vacinas que se están utilizando poden protexer fronte ó resto de serotipos? ¿Estase investigando nunha vacina que poida cubrilos todos?

Non, actualmente non se dispón dunha única vacina que protexa fronte aos 24 serotipos coñecidos do virus da Lingua Azul. Cada un dos serotipos

comportase dun xeito diferente se ben provocan sintomatoloxías similares, non xeneran inmunidade cruzada. Estase traballando ao parecer con moi boas expectativas en vacinas polivalentes, concretamente para os serotipos 1 e 8.

### ¿Qué actuacións debemos de realizar para o movemento de animais, en tódolos casos?

Para definir as actuacións previamente hai que coñecer a situación sanitaria respecto de cada un dos serotipos da Lingua Azul, tanto da comarca de orixe do movemento, como da comarca de destino, xa que en dependencia desta situación as condicións a cumprir serán diferentes. As condicións son diferentes tamén en dependencia de se os animais van destinados a sacrificio directo, a sacrificio a través dun mercado ou son destinados a vida. Isto xa pode dar unha idea da complexidade de explicar todas as condicións que se poden esixir en dependencia de cada un dos escenarios posibles, pero ademais a esta complexidade hai que engadirle as sucesivas modificacións da normativa a través da publicación continuada de ordes ministeriais. Por elo, a recomendación é que antes da realización de movemento o gandeiro recabe información na Oficina Agraria Comarcal diante dos servizos veterinarios correspondentes, ou consulte na páxina Web da Consellaría do Medio Rural onde procuramos ter actualizada toda esta información.

En xeral nunha hipotética situación na que a comarca de orixe esté declarada restrinxida por declaración de foco e a de destino sexa libre ou teña declarado foco causado por serotipo diferente do declarado na comarca de orixe, o gandeiro debe:

Realizar o traslado en vehículos desinsectados.

Tratar aos animais con desinsectante ou repelente.

Evitar o transporte nas horas de maior actividade do mosquito.

Asegurar de que se trata de animais vacunados ou no seu defecto contar coa realización dunha proba analítica (PCR) que asegure que o animal non é portador do virus.

Se o movemento se realiza entre zonas con unha situación sanitaria equivalente como é neste caso todo o norte da península (a mesma zona restrinxida) non é necesario o cumprimento de todas estas condicións.

### Fálase de que a Lingua Azul é unha enfermidade estacional, relacionada coa época das altas temperaturas, sen embargo, tanto no País Vasco como en Asturias apareceron casos en Xaneiro e Febreiro deste ano, ¿quere dicir isto que nos podemos atopar casos en calquera momento do ano?

Para a transmisión da Lingua Azul é preciso que existan mosquitos do xénero culicoides que actúan como vectores da infección, se non existen estes é imposible que se produza a infección. A abundancia de mosquitos e sobre todo o seu nivel de activida-



Os mosquitos do xénero culicoides actúan como vectores da infección

de está relacionado coa existencia de temperaturas medias axeitadas para o seu desenvolvemento. As temperaturas frías ralentizan a actividade e chegan a facelos desaparecer, mais está constatado que os mosquitos poden protexerse desas condicións permanecendo dentro dos establos, recuperando a actividade en días máis calurosos. Por outra banda, non esquezamos que nos últimos invernos rexistráronse días con temperaturas anormalmente elevadas.

### ¿Existe algún síntoma característico nas vacas ou algún signo que os gandeiros poidan vixiar con especial atención de cara a sospeitar a presenza da infección no seu gando?

No caso do gando vacún non sempre se presentan síntomas aparentes da enfermidade, podendo ésta pasar desapercibida, porén estase detectando en non poucas ocasións sintomatoloxías ben aparentes con: Febre elevada, abatemento, coxeiras, lesións ulcerosas na mucosa nasal, lingua e boca e incremento da salivación. Tamén lesión nos pezóns.

### ¿Poden as propias nais, enfermas ou en contacto co virus, contaxiar os seus fillos durante a xestación? ¿E cal é a situación das crias que nacen de vacas vacunadas?

A posibilidade do contaxio intrauterino (de nai a fillo) foi descrita moi recentemente e dase por feito de que pode suceder. Esta posibilidade levou a modificar a normativa de control, establecendo condicións específicas para os intercambios de animais preñados. Estímase que ata os tres meses de idade os fillos de nais vacunadas están protexidos pola presenza de anticorpos maternos.



## ¿Qué controis se realizan sobre os animais que veñen de fóra da Comunidade?

### ¿Pódese descartar ó 100% a presenza da enfermidade con un resultado laboratorial negativo?

No procedemento de control que realizan os servizos veterinarios da Consellaría do Medio Rural, os animais incorporados procedentes de países de risco son sometidos a controis analíticos mediante a realización de dúas probas separadas entre si un mínimo de 14 días. A realización de dúas probas faise para asegurar a fiabilidade do resultado xa que unha única proba non é suficiente. Un animal que fora picado por un mosquito e infectado, pode non desenvolver a viremia ata que houbese transcurrido un período máximo estimado en 14 días, e só despois de desenvolver a viremia reacciona o seu sistema inmunitario xerando anticorpos detectables. Por iso os resultados analíticos só son fiables si as mostras de sangue ou de soro sobre as que se realizan, están tomadas despois dun período de tempo mínimo no que se poda garantir que o animal non foi picado por un mosquito infectado. Pode suceder que teñamos un resultado negativo sobre unha mostra extraída dun animal que foi recentemente picado e infectado pois aínda non desenvolveu a viremia (detectada pola proba PCR) nen por suposto produciu os anticorpos (detectables polo control serolóxico).

### Se nunha explotación aparece un animal positivo, ¿queda inmovilizada a explotación? ¿qué medidas de control se realizan posteriormente?

A explotación queda inmovilizada durante un período mínimo de 60 días. Os animais e as instalacións deben ser desinsectados e permanecer así durante todo o período. Os animais positivos non poderán saír da explotación para vida e os demais só o poden facer con autorización oficial e logo da realización de probas que demostren que non son portadores do virus, agás se van destinados a matadoiro para sacrificio directo. O gandeiro queda obrigado a comunicar calquera incidencia que detecte na explotación que estará sometida a vixilancia oficial.

### ¿É obrigatorio o sacrificio dos animais enfermos? ¿Qué indemnizacións ten previstas a Consellaría e en qué casos?

A autoridade veterinaria pode ditaminar o sacrificio obrigatorio se considera que a medida serve para evitar a difusión da enfermidade. Na situación actual e tras a detección da circulación viral de serotipo 1, ante a detección de novos casos do mesmo serotipo, non se adopta por sistema a medida de sacrificio obrigatorio, reservándose ésta para situacións especiais e especificamente para evitar a entrada e circulación de novos serotipos.

A administración contempla indemnizacións polas mortes e abortos causados pola enfermidade ou

ditaminados polas autoridades sanitarias. De xeito equivalente as indemnizacións que os gandeiros reciben polos sacrificios obrigatorios realizados no marco das campañas de saneamento gandeiro, a tramitación destas indemnizacións realízase de oficio pola administración unha vez que está declarado o foco e constatado a través de informe emitido polos servizos veterinarios oficiais a relación entre a morte do animal e a enfermidade. Os importes previstos para estas indemnizacións son:

- Ovino de leite reproductor menor de 5 anos: ..... 115€
- Ovino carne reproductor menor de 5 anos: ..... 96€
- Ovino maior de 5 anos: ..... 54€
- Ovino menor: ..... 54€
- Cabrún de leite reproductor menor de 5 anos: ..... 92€
- Cabrún de carne reproductor menor de 5 anos: ... 73€
- Cabrún maior de 5 anos: ..... 46€
- Cabrún menor: ..... 54€
- Aborto ovino: ..... 18€
- Vacún ata 3 meses: ..... 240€
- Vacún de 3 meses e 1 día ata 12 meses: ..... 465€
- Vacún de 12 meses e 1 día ata 24 meses: ..... 645€
- Vacún de 24 meses e 1 día ata 5 anos: ..... 740€
- Vacún de 5 anos e 1 día ata 10 anos: ..... 540€
- Vacún maior de 10 anos: ..... 300€

### ¿Qué poderíamos esperar nos próximos meses? ¿A partir de cando teremos normalidade?

Considero que nos próximos meses teremos que convivir coa aparición de novos focos da enfermidade ao mesmo tempo que imos avanzando no programa de vacinación. Aspiro a que recuperemos a normalidade nos primeiros meses de 2009 unha vez instaurado o nivel de protección inmunitaria desexable en toda a cabana gandeira galega, entendendo por normalidade a drástica diminución de aparición de novos focos. En todo caso hai que prever que durante 2009 como mínimo deberemos manter a campaña de vacinación e outras medidas de control sobre a enfermidade. A Lingua Azul é unha enfermidade emerxente, e facer un pronóstico rotundo de finalización do problema, pode ser imprudente.

### ¿Existe normativa específica para os traslados no caso de feiras e concursos de gando?

A normativa para os movementos en relación coa Lingua Azul é xeral para todo tipo de movementos (Regulamento CE1266/2007, sucesivas ordes do MARM, e no ámbito galego a Resolución da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria do 24 de setembro de 2008)

### ¿A onde pode acceder o gandeiro para obter información a cerca das normas de movementos? Debido a que os cambios son

### frecuentes ¿Cómo pode estar seguro de que a normativa que coñece é a última?

Na páxina Web da Consellaría do Medio Rural (<http://mediorural.xunta.es/gandaria/sanidade/lingua.php>) está todo este tipo de información actualizada, tamén poderán informarse chamando ao teléfono 901 112 000 do Centro de Información ao Agro Galego (CIAG) ou acudindo á Oficina Agraria Comarcal de referencia onde poden consultar ao persoal dos servizos veterinarios oficiais.

### ¿Cales son as canles informativas que se seguen con respecto os brotes ou novidades que xurden?

A Consellaría do Medio Rural está a seguir unha práctica de absoluta transparencia informativa respecto da xestión da Lingua Azul. Ademais de ter implementado unha campaña informativa desenvolta por persoal veterinario oficial, a información ao sector é continuada a través da emisión de circulares informativas adaptadas ás circunstancias de cada momento, a declaración de novos focos cólgase en tempo real na páxina web da Consellaría, a través do teléfono do Centro de Información ao Agro Galego pódense resolver dúbidas xerais e por suposto accedendo directamente aos profesionais veterinarios dos servizos oficiais da Consellaría en cada Oficina Agraria Comarcal pódese obter a información personalizada para cada situación.

### ¿Cales son os servizos que se ofrecen da administración en relación coa Lingua Azul?

Evidentemente todo o operativo de control estruturado dende o ámbito central da Subdirección Xeral de Gandaría e o Servizo de Sanidade Animal dela dependente, ata o ámbito provincial cos Servizos Provincias de Gandaría e a estrutura comarcal dos servizos veterinarios pasando polo Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galiza, é todo un operativo posto a disposición do sector gandeiro galego para a defensa fronte a Lingua Azul. Ademais delo a Consellaría do Medio Rural puxo en marcha o servizo de vacinación, o servizo de extraccións de mostras e realización de probas analíticas fronte a Lingua Azul, e instaurou nos principais mercados gandeiros, servizo de desinsectación de animais e vehículos.

### ¿Cales son as actuacións que os gandeiros poden acometer xunto cos seus veterinarios de cara a protección e de cara os traslados, sen necesidade de recurrir os servizos oficiais?

A desinsectación dos animais previa ao traslado dos animais, tamén cando sexa necesaria a aportación de probas analíticas tanto a desinsectación previa dos animais como a extracción da mostra e o seu envío á Oficina Comarcal designada en cada área veterinaria, para o seu posterior e inmediato envío ao laboratorio. Ademais naquelas ADSG que así o decidan, os veterinarios responsabeis poden realizar a vacinación.

# ARRIMADOR DE COMIDA “BUTLER”

El “BUTLER” arrima la comida de forma automática y además añade un poco de pienso atrayendo a las vacas.

Incrementa la producción de leche hasta 5 kg. al día, sin cambiar la formulación de la ración.



*Tecnología pensada por un ganadero para los ganaderos!!*

# ARROBADERA DE CABLE “JUMBO”



**igo**

## LES OFRECEMOS TAMBIÉN:

Naves llave en mano, Cubículos, Colchones látex / goma, Cornadizas, Goma para pasillos / sala espera-ordeño, Abrevaderos revoltables, Cepillos, Batidores, Bombas de purín...

## IMPORT-EXPORT SIGO, s.l.

c/ les Fontiques, nº 1  
Tel. - Fax 972 69 10 89 - Móvil 659 53 40 68  
17172 LES PLANES D'HOSTOLES (Girona) Spain  
www.sigosl.com - info@sigosl.com



GANADERIA O CASTRO, S.L.

Avda. Recinto Ferial, 2 - 36540 SILLEDA (Pontevedra)  
Oficina: 986 580003 - Fax: 986 581367



# semana verde 2008

## avance do programa de actividades

Silleda, do 20 ao 23  
de novembro de 2008

Organizado pola *Federación Frisona Galega* (Fefriga) e pola *Fundación Semana Verde de Galicia*, coa colaboración das *Africores*, a *Consellería do Medio Rural* e da *Associação Portuguesa de Criadores da Raça Frísia*, celebrarase o XVII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2008", do 20 ao 23 de novembro, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

Así mesmo, coincidindo con estes Concursos, celebrarase o I Concurso de Preparadores e o XXIV Concurso de Novos Manexadores "Memorial Luis Louzao", cuxo obxectivo é implicar os máis novos nas tarefas de selección e mellora da Raza Frisona, estimulando a súa sana competitividade, nun concurso en que porán de manifesto a súa capacidade para a preparación e presentación de animais en pista, e facendo resaltar as súas cualidades.

Na nosa web [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com) atoparedes toda a información para apuntarvos. Pola nosa parte, non nos queda máis que animarvos a participar e a vivir unha fermosa experiencia.

### Xoves 20

10.00 a 20.00

Entrada do gando

### Venres 21

11.00 a 14.00

I CONCURSO de PREPARADORES DE GANADO SEMANA VERDE '08.

16.30 a 20.00

XVII CONCURSO AUTONÓMICO e Xulgamento de Becerras e Xovencas.

### Sábado 22

10.00 a 14.00

Xulgamento das vacas en lactación, campionatos e grupos.

17.30

Presentación Grupos de Proxenie (Ring Concurso).

21:00

Festa Holstein  
Recepción Oficial a gandeiros e autoridades.  
Entrega de Pracas ás mellores ganderías.  
Entrega de premios do concurso.

### Domingo 23

11.00

Demostración de pelado e manexo en pista.

12:30

XXIV Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luis Louzao".

19:00

Desfile de Campionas no Ring Principal

a partir das 20.00

Saída do gando





# XVII Concurso Autonómico da Raza Frisona “Fefriga 2008”

## REGULAMENTO

### 1. ORGANIZACIÓN

Organizado pola Federación Frisona Galega (Fefriga) e a Fundación Semana Verde de Galicia, coa colaboración das Africores, a Consellería do Medio Rural e a Associação Portuguesa de Criadores da Raça Frísia, celebrarase o XVII Concurso Autonómico da Raza Frisona “Fefriga 2008”, entre os días 21 ó 23 de Novembro, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

### 2. FINS

Sendo a Feria Internacional Semana Verde de Galicia, escaparate onde se expoñen e promocionan os últimos adiantos da técnica agrícola e gandeira, os fins que se persiguen coa celebración destes certames son os seguintes:

- 2.1. Estimular aos gandeiros na cría de animais de alta calidade xenética, capaces de producir e reproducirse durante moitos anos, como medio de rendabilizar as súas explotacións.
- 2.2. Orientar aos gandeiros sobre as tendencias actuais de selección e mellora gandeira no ámbito Internacional.
- 2.3. Poñer de manifesto o alto nivel xenético e morfolóxico dos animais criados en Galicia.
- 2.4. Orientar aos nosos xóvenes cara unhas correctas e rendibles tarefas de selección, proporcionándolles coñecementos básicos para desenvolver as mesmas con éxito.
- 2.5. Promocionar as gandeirías participantes para que desta maneira poidan ocupar o lugar que lles corresponde no Mercado Nacional e Internacional de animais selectos.

### 3. COMISIÓN ORGANIZADORA

Corresponde a ésta, a organización e todo o relacionado cos certames e servizos inherentes aos mesmos, así como a aplicación do presente Regulamento.

### 4. XURADOS

Durante a celebración dos certames actuarán os seguintes xurados:

#### 4.1. DE ADMISIÓN

O Xurado de admisión está composto por:

- D. Ramiro Fouz Dopacio (Africor-Lugo)
- D. José Moreira Pardiñas (Africor-Coruña)
- D. Julio Pérez Filloy (Fundación Semana Verde)
- D. José Rodríguez López (Africor-Pontevedra)

Serán misións específicas do Xurado de Admisión as seguintes:

- 4.1.1. Colaborar co Servizo Veterinario de Inspección Sanitaria, para garantir que cada animal se presente coa documentación esixida.
- 4.1.2. Revisar a documentación xenealóxica, a súa correspondencia cos animais presentados e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.
- 4.1.3. Comprobar a preparación e presentación dos animais, e rexeitar aqueles que non alcancen o nivel mínimo esixido, dacordo co prestixio do concurso, e/ou que non teñan en regra toda a documentación.
- 4.1.4. Velar polo cumprimento do disposto neste Regulamento e moi especialmente no que fai referencia aos apartados sobre benestar animal, informando de inmediato á Comisión Organizadora de calquera infracción que puidesen observar.

4.1.5. Elevar propostas á Comisión Organizadora sobre cantas modificacións ou medidas consideren necesarias para o mellor desenvolvemento dos concursos e actividades.

### 4.2. DE CUALIFICACIÓN

Estará composto por un só Xuíz, a quen acompañará un axudante de pista, coa fin exclusiva de facilitarlle as listas do gando concursante, preparar a constitución das seccións e suministrarlle cantos datos solicite do gando concursante.

Por acordo da comisión organizadora, os concursos serán xulgados por D. GIUSEPPE QUAINI, Xuez Internacional de la Asociación Holstein de Italia.

Serán misións do Xuíz:

- 4.2.1. A eliminación de pista en cada sección, se procede, daqueles animais que non reúnan as condicións mínimas para o seu xulgamento.
- 4.2.2. Clasificación do resto de animais en cada sección por orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados na pista segundo o devandito orde.
- 4.2.3. Outorgamento dos premios, mencións honoríficas e campionatos que especifica o Programa.

4.3. Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase aos Xurados cantos medios sexan precisos para mellor realización do seu traballo.

4.4. O xurado terá amplas facultades para incluír en seccións distintas aos exemplares que, con arreglo ao Programa do certame, estean situados naquelas que non lles corresponda por razón de idade.

4.5. O xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do Programa, nin outorgar os que puidesen quedar desertos, sen autorización da Comisión Organizadora.

4.6. De igual xeito, se o Xurado considera que nalguna sección os animais presentados non merecen ser premiados, poderá deixar deserto un, varios ou a totalidade dos premios que a devandita sección ou seccións teñen previstos no Programa.

4.7. Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e firmará a acta correspondente (por triplicado), onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.

4.8. As decisións do Xuíz cualificador serán inapelables.

4.9. Todas aquelas cuestións que excedan ás competencias do Xurado de Admisión e/ou do Xuíz Cualificador, así como calquera incidencia que se presente e non estea prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puidesen existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

### 5. PARTICIPACIÓN

5.1. Poderán participar neste Certame todas as explotacións de Galicia con animais inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española, facendo a correspondente solicitude á “FEDERACION FRISONA GALEGA”.

5.2. Só se imporán limitacións en canto ao número de exemplares a presentar, cando as solicitudes rebasen as posibilidades de aloxamento de animais, en cuio caso, e tendo en conta de que se trata dun concurso de gando leiteiro, darase preferencia as gandeirías que concurren con animais adultos. Non obstante, non se permite a ningún concursante o participar con máis de 3 exemplares adultos por sección, ou 2 se se trata de xovencas ou becerras.



# regulamento concurso

5.3. Inscripción de animais: a organización proveerá da correspondente cédula de inscrición, que, unha vez cumplimentada e firmada, deberá ser remitida a: Federación Frisona Galega (FEFRIGA) – Rúa Melide, 25-27 Baixo – 15705 Santiago – A Coruña.

5.4. O prazo de admisión de solicitudes finalizará o día 31 de Outubro de 2008.

## 6. CONDICIÓN XERAIS

6.1. O gando concursante procederá de explotacións de Galicia inscritas no Libro Xenealóxico da Raza Frisona.

6.2. Será condición indispensable que todos os animais concursantes (nacionais ou importados) estean inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española ou cal se acreditará coa presentación do correspondente Certificado de Rexistro, igualmente os importados ou mercados en ganderías de fóra de Galicia, deberán de figurar a nome da explotación que os presente, con, polo menos 40 días de antelación á celebración do certame, o cal se acreditará coa presentación do correspondente certificado de rexistro.

6.3. As Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro, unha vez examinadas e feitas as comprobacións oportunas polo Comité de Admisión, serán devoltas aos propietarios ou encargados do gando, quen deberán presentalas no caso de que lles foran requeridas dende a organización por calquera motivo.

6.5. Como data de referencia para o encuadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día 30 de Novembro de 2008.

## 7. CONDICIÓN SANITARIAS

As condicións de índole sanitaria esixidas ás explotacións e aos animais para ser admitidos ao Recinto do certame, son as seguintes:

### 7.1. Procedencia

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obligatoria para a/s especie/s receptivas que concurran ao evento. Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

### 7.2. Identificación

Os animais que concurran ao evento deberán estar identificados individualmente, mediante tatuaxe e/ou crotal auricular ou outros sistemas autorizados con arreglo ao Real Decreto 205/1996, sobre identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina, ao Regulamento (CE) 1760/00, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina e á vixente normativa comunitaria, segundo as especies, e cuxa relación se reflexará na correspondente Documentación Sanitaria.

### 7.3. Documentación sanitaria

Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

7.3.1. Guía de Orixe e Sanidade Pecuaria e Certificado expedido pola correspondente Xefatura de Sanidade e/ou Producción Animal ou Unidade Veterinaria Competente da respectiva Comunidade Autónoma, no que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se sinalen no apartado 7.4.

7.3.2. Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Desinfección.

### 7.4. Normas de Carácter Específico

Só poderán concurrir ao evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rebaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina, libres de Perineumonía Contaxiosa e nos que non se tiveran detectado casos de lingua azul.

Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

7.4.1. Os maiores de 6 semanas de idade, deseen resultado negativo a unha proba de diagnóstico da Tuberculose segundo o anexo I del R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

7.4.2. Os maiores de 12 meses, presentasen un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da Brucelose bovina dacordo ao anexo II del R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

7.4.3. Os animais maiores de 12 meses, deran un resultado favorable a unha das probas de detección da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003. Esta proba non será necesaria en caso de proceder dun Territorio, Rexión ou Estado Indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

7.4.4. Resultasen negativos á proba serolóxica fronte ao antixeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE) para a detección de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

7.4.5. Resultasen negativos ás probas serolóxicas de detección do antixeno da Diarrea Vírica Bovina (BVD), realizadas nun laboratorio oficial. Nos animais menores de 3 meses de idade, a proba será realizada no cartilago auricular.

7.4.6. Os animais maiores de 24 meses, resultasen negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte ao Mycobacterium avium paratuberculosis (Paratuberculosis), realizadas nun laboratorio oficial.

7.4.7. Para poder ser vendidos, os animais que asistan ao certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte á Neosporose Bovina, realizadas nun laboratorio oficial.

7.4.8. Normas específicas en relación coa Lingua Azul.

7.4.8.1. Os animais non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

7.4.8.2. Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga.

7.4.8.3. A carga e transporte dos animais realizarase, preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

7.4.8.4. Os animais serán tratados previamente ó seu traslado cun desinfectante ou repelente, que garantice a desinsectación dos mesmos durante o transporte.

7.4.8.5. Os animais de máis de tres meses de idade terán que ter sido sometidos a primovacinação fronte ós serotipos 1 e 8 da Lingua Azul mediante, como mínimo, dúas doses de vacina aplicadas antes da data do traslado, e separadas entre si por un período de entre 3 e 4 semanas.

7.4.8.6. Ademais, os animais que asistan ó evento deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

A) Que tiveran estado protexidos do ataque de Culicoides durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado, e foran sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberá terse efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, 14 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

B) Que tiveran permanecido dende o seu nacemento protexidos do ataque de Culicoides e tiveran sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos.

7.4.8.7. Os animais deberán permanecer durante todo o tempo que dure o evento, nas instalacións nas que se leve a cabo un adecuado protocolo de desinsectación.

7.4.9. Igualmente, recoméndase aos gandeiros participantes, a vacinación fronte a IBR, cunha vacina marcada, de todos os animais que presenten ao certame.

7.5. Ademais destes requisitos, cumpriran as condicións sanitarias establecidas no R.D.1716/2000, de 13 de Outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina.



#### 7.6. Verificación e inspección.

A verificación da documentación sanitaria, correrá a cargo dos Veterinarios designados pola Consellería do Medio Rural. Así mesmo, o personal asignado a este servizo será o encargado da emisión das guías ou documentación sanitaria que ampare aos animais na viaxe de retorno.

7.7. Aqueles animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou os que carezan dalgún dos documentos ou requisitos sanitarios esixidos no regulamento sanitario sobre participación de animais a concursos, subastas e exposicións, non serán autorizados a entrar no recinto feiral.

### **8. TRANSPORTE DE GANDO**

8.1. Aboaranse facturas de transporte, previa comunicación do servizo á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis apropiadas debendo respetarse as mesmas. No caso contrario, compensarase o custo do transporte sempre que non supere a cantidade de 0,30€ por vaca ou 0,12€ por xovenca ou becerra respectivamente e Kilómetro de distancia percorrido entre a Gandeiría de orixe e o Recinto Feiral, computándose só a ida.

8.2. É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estean debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente TALÓN DE DESINFECCIÓN.

### **9. ENTRADA DE GANDO**

9.1. A entrada do gando realizarase entre as 10.00 e as 20.00 horas do día 20 de Novembro, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

9.2. A autorización de entrada do gando nas naves realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, OBRIGATORIAMENTE, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área do Concurso; aqueles animais que non cumpran con estes requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concurante, teñan dereito.

9.3. Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación Xenealóxica (Certificado de Rexistro). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan da devandita ou estea incompleta, obrigando aos seus propietarios a retiralos da área reservada a concursantes.

9.4. Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata finalizado o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

9.5. A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarlles, no posible, estes cometidos.

9.6. Para axilizar as tarefas de lavado, PROHÍBESE EXPRESAMENTE que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos aos que os respectivos coidadores estean lavando en cada momento.

### **10. SEGURO**

10.1. A feira proveerá aos animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

10.2. O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días 15 de Novembro e 5 de Decembro.

10.3. Para ter dereito ao cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, o número de Rexistro Xenealóxico e cadro clínico que presente, para que ésta poida facer as comprobacións necesarias e se o considerase oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

10.4. Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscrición.

10.5. Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptarase o seguinte Baremo:

Becerras menores de 1 ano .....	1.500 €
Xovencas de 12 a 18 meses .....	2.000 €
Xovencas de máis de 18 meses .....	2.500 €
Vacas de máis de 2 anos .....	3.200 €
Vacas calificadas MB ou máis .....	4.500 €

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terán dereito a esta cobertura os animais que veñan reseñados na Cédula de Inscrición como xestantes; a indemnización a percibir en caso de sinistro será o 25% do valor asegurado.

### **11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA**

11.1. A organización facilitará as cantidades de alfalfa, penso, polpa de remolacha e mestura para vacas de leite, necesarios para a alimentación dos animais.

11.2. Suministrarse a todos os participantes palla en cantidade suficiente para as camas do gando exposto, o suministro realizarase diariamente ao peche da feira.

11.3. O recambio das camas correrá a cargo dos expositores, este DEBERÁ SER REALIZADO DURANTE AS HORAS EN QUE PERMANEZA PECHADO AO PÚBLICO O RECINTO FEIRAL E SEMPRE ANTES DAS 8.00 HORAS.

11.4. Os participantes aceptan expresamente, -para facilitar as tarefas de limpeza,- o depositar a palla e o esterco, EXCLUSIVAMENTE NAS CARRETAS E/OU CONTENEDORES destinados a esta fin.

11.5. O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido o realízalo fóra das devanditas áreas.

### **12. CARTEIS**

Autorízase ás gandeirías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandeiría e de identificación) estes deberán estar colocados na parte dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

#### 12.1. GANDEIRÍA

Nel poderá figurar o nome da Gandeiría ou Empresa propietaria dos animais expostos.

No caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

#### 12.2. IDENTIFICACIÓN

A feira proveerá ás Gandeirías participantes, os correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará:

NOME DO ANIMAL / CUALIFICACIÓN / Nº Rº Gº

PAI / NAI

PROPIETARIO (\*) / PAÍS DE ORIXE

(\*) En caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou da explotación en que se atopa o animal.

### **13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS**

13.1. Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou produtos que poidan afectar á súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

13.2. O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base ao leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou substancia que poida alterar o seu aspecto.

13.3. A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, os propietarios dos animais clasificados 1º, 2º e 3º de cada unha das seccións individuais, están obrigados a presentalos na zona que se indique a fin de sometelos ao escaneado da ubre.

## regulamento concurso

13.4. Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

13.5. O non presentar un animal para sometelo ao Scanner da ubre ou o negarse a que se lle realice a devandita proba, dará lugar a súa descalificación e a perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ao seguinte animal clasificado.

### 14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

14.1. A presentación do gando en pista, cantas veces sexan necesarias para a súa calificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal ao seu cargo.

14.2. Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con CAMISA E PANTALÓN BRANCO.

14.3. Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descalificados.

14.4. Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

14.5. Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por riguroso orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

### 15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuito durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cantos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

### 16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

16.1. Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán fotografiados gratuitamente por Sylvie Gouin, fotógrafa oficial do concurso.

16.2. Todas as gandeirías concursantes con 4 ou máis animais, terán dereito a unha fotografía de 30 x 40 gratuíta, dun dos animais presentados (será o propio gandeiro quen indique á fotógrafa Sylvie Gouin de que animal fotografiado desexa a ampliación).

16.3. XENÉTICA DE FONTOA concederá ao animal, -fillo de touros do centro,- mellor clasificado en cada sección individual o seguinte premio:

Becerras (seccións 1, 2, 3 e 4) .....	100 €
Xovencas (seccións 5, 6 e 7) .....	200 €
Vacas (seccións 11, 12, 13, 14, 15, 16) .....	300 €

Igualmente agasallará a todas as Gandeirías participantes, con 2 doses de XACOBEO.

Ademais, aquelas que participen con 3 ou máis animais, recibirán:

- 2 doses de DANCER
- 2 doses de ELEGANT
- 2 doses de MOES

16.4. Entre as ganderías concursantes sortearanse:

- 1 XOVENCA: Bos Lheros Soleil ET, 15 meses (7 xeracións MB ou EX).
- 2 EMBRIÓNS de Bos Wade Quintana ET 2EX 1\*, por Braedale Goldwyn.

A xovenca e os embrións son procedentes do Programa que CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL e FEDERACIÓN FRISONA GALLEGA desenrolan na Finca de BOS.

Os boletos para dito sorteo serán asignados a razón de un por cada becerra, dous por cada xovenca e tres por cada vaca presentada a concurso.

16.5 Todas as gandeirías recibirán un agasallo-recordo dos concursos.

### 17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os diplomas, trofeos, escarapelas e estandartes que se mencionan nas diferentes seccións do programa, desatándose a premios unha cantidade de 10.000 €, distribuídas en base ao seguinte baremo:

17.1. SECCIÓNS Escarapela aos 5 primeiros animais clasificados e os premios en metálico seguintes:

	Xovencas	Vacas
1ª	75 €	150 €
2ª	60 €	120 €
3ª	45 €	90 €
4ª	30 €	60 €
5ª	15 €	30 €

17.1.1.- Ademais dos premios indicados, en cada unha das seccións de vacas en lactación (11, 12, 13, 14, 15, 16) concederase o título (único) de Mellor Ubre, que será premiado con escarapela e 150 €.

17.2. CAMPEONATOS Estandarte y los premios en metálico siguientes:

Campiona	Subcampiona
250 €	200 €

17.3. GRANDES CAMPIONATOS Estandarte, trofeo e un premio en metálico dotado con:

Novilla Gran Campiona	Vaca Gran Campiona
500 €	1000 €

17.3.1.- No gran Campionato de Vacas (sec. 20) concederase estandarte á Vaca "Gran Campiona Reserva" e "Mención de Honra".

17.4. MELLOR CRIADOR Estandarte e os premios en metálico seguintes:

Mellor criador	Segundo criador
500 €	400 €

17.5. PREMIO FEFRIGA '2008' A Federación Frisona Galega premiará con 2 EMBRIÓNS DA FINCA DE BOS ás gandeirías que, no Concurso Autonómico acaden cos seus exemplares os títulos seguintes:

- Xovenca Gran Campiona ROSE MB87 X SHOTTLE
- Vaca Gran Campiona CUXA MB86 (1º p.) X SHOTTLE
- Mellor Criador AGRIA MB89 (1º p.) X TOYSTORY

17.6. MELLOR MANEXADOR. Concederase este título ao Manexador que ao longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

### 18. NOTA DE INTERESE

Ao importe dos premios en metálico que superen os 300 €, aplicaráselle a retención correspondente, regulada no R.D. 2717/98 do 18 de Decembro sobre retencións e ingresos a conta en Impostos sobre a Renda das Persoas Físicas e sobre Sociedades.

### 19. DISPOSICIÓNS FINAIS

19.1. En caso de que, nalgunha sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior ou posterior.

19.2. As decisións do Xuíz serán inapelables, polo tanto a participación nos certames supón acatalas respetuosamente.

19.3. A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar na interpretación do mesmo.

19.4. A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.



# Seccións do concurso

## SEC. 1: BECERRAS DE 4 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Abril de 2008 ó 31 de Xullo de 2008.

## SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xaneiro de 2008 ó 31 de Marzo de 2008.

## SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Outubro de 2007 e o 31 de Decembro de 2007.

## SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2008 e o 30 de Setembro de 2007.

## SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Abril de 2007 e o 30 de Xuño de 2007.

## SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Xaneiro e o 31 de Marzo de 2007.

## SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Setembro e o 31 de Decembro de 2006.

## SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de "BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de ganadeiros Galegos, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de "XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a BECERRA CAMPIONA (8) e A XOVENCA CAMPIONA (9). Outorgarase o premio único de "XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 11: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Maio do 2006 inclusive.

## SEC. 12: VACA XOVEN LACTACION DE 30 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Novembro de 2005 e o 30 de Abril de 2006.

## SEC. 13: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Novembro de 2004 e o 31 de Outubro de 2005.

## SEC. 14: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Novembro de 2003 e o 31 de Outubro de 2004.

## SEC. 15: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Novembro de 2002 e o 31 de Outubro de 2003.

## SEC. 16: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Novembro de 2002.

## SEC. 17: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 11ª e 12ª. Concederanse os títulos de "VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 18: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de "VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 19: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, nadas en Galicia e propiedade de gandeiros Galegos, clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de "VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 20: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 17ª, 18ª e 19ª. Outorgaranse os títulos de "VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONOR 'FEFRIGA 2008'".

## SEC. 21: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de "MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA 'FEFRIGA 2008'".



# XVII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2008"

## Resumo de Premios

- **SECCIÓNS** Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados e os premios en metálico seguintes:

	Xovenças	Vacas
1ª	75 €	150 €
2ª	60 €	120 €
3ª	45 €	90 €
4ª	30 €	60 €
5ª	15 €	30 €

- Ademais dos premios indicados, en cada unha das seccións de vacas en lactación (11, 12, 13, 14, 15, 16) concederase o título (único) de **Mellor Ubre**, que será premiado con escarapela e 150 €.

- **CAMPIONATOS** Estandarte e os premios en metálico seguintes:

Campiona	250 €
Subcampiona	200 €

- **GRANDES CAMPIONATOS** Estandarte, trofeo e un premio en metálico dotado con:

Xovenca Gran Campiona	500 €
Vaca Gran Campiona	1.000 €

No gran Campionato de Vacas (sec. 20) concederase estandarte á Vaca "Gran Campiona Reserva" e "Mención de Honra".

- **MELLOR CRIADOR** Estandarte e os premios en metálico seguintes:

Mejor criador	500 €
Segundo criador	400 €

- **PREMIO FEFRIGA '2008'**. A Federación Frisona Galega premiará con **2 EMBRIÓNS DA FINCA DE BOS** ás ganderías que no Concurso Autonómico, cos seus exemplares, acaden os títulos seguintes:

**Xovenca Gran Campiona Fefriga '08**  
ROSE MB87 x SHOTTLE

**Vaca Gran Campiona Fefriga '08**  
CUXA MB86 (1ºp.) x SHOTTLE

**Mellor Criador Fefriga '08**  
AGRIA MB89 (1ºp.) x TOYSTORY

## XXIV concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luis Louzao" Premios

- Outorgaranse escarapelas ós 10 primeiros clasificados de cada sección.
- Concederáse trofeos ós Campións e Subcampións Infantil e Junior.
- Os seis primeiros clasificados como Mellor Manexador Infantil (Sec. 4). Concederanse os seguintes premios:
  - Campión INFANTIL (1º clasificado)  
Tarxeta Regalo de 300€
  - Subcampión INFANTIL (2º clasificado)  
Tarxeta Regalo de 200 €
  - Resto de clasificados  
Tarxeta Regalo de 100 €
- Os catro primeiros clasificados como Mellor Xoven Manexador (Sec. 7). Serán premiados con:
  - Campión JUNIOR (1º clasificado)  
Tarxeta Regalo de 400€
  - Subcampión JUNIOR (2º clasificado)  
Tarxeta Regalo de 300 €
  - Resto de clasificados  
Tarxeta Regalo de 100 €

Podes consultar o Regulamento e condicións na nosa web, [www.fefriga.com](http://www.fefriga.com).

## I Concurso de preparadores de Gando Semana Verde 08 Premios

Concederase escarapela aos 10 primeiros clasificados así como os seguintes premios en metálico

1º	300 €	2º	250 €
3º	200 €	4º	150 €
5º	100 €	6º-10º	50 €

Entre as ganderías concursantes **sortearanse**

**1 XOVENCA:** Bos Lheros Soleil ET, 15 meses (7 xeracións MB ou EX).

**2 EMBRIÓNS** de BOS QUINTANA 2EX, por BRAEDALE GOLDWYN

Procedentes do Programa que, CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL e FEDERACIÓN FRISONA GALEGA, desenvolven na finca de BOS. Os boletos para dito sorteo serán asignados a razón de un por cada beceirra, dous por cada xovenca e tres por cada vaca presentada a concurso.



BOS IGNITER ROSE MB87



BOS ALLEN CUXA MB86 (1ºp.)



BOS IGNITER AGRIA MB89 (1º p.)



# SORTE



entre as ganderías participantes no  
XVII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2008"

## BOS LHEROS SOLEIL ET

ESPH1502835639 03/08/2007

### COMESTAR LHEROS

CANM0006663935 • ICO 1955 (ESP 01-08)

Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P
665	-0.13	13	0.03	24
IGT	ICAP	IPP	ICU	
2.55	2.73	0.27	2.04	



MOHOEVE SONNI 129

### MOHOEVE SONNI 129 MB87

NLDH0247230471 • 30/12/1998

Edad	Dias	Leche	%G	Kg/G	%P	Kg/P
02/01	305	11552	3.60	416	3.18	367
	331	12155	3.68	447	3.23	392
03/00	305	15008	3.60	541	3.15	473
	599	22037	3.78	832	3.31	730
04/10	305	15446	4.09	631	3.16	488
	311	15611	4.09	638	3.16	494
3 Lact.		49803	3.85	1917	3.24	1616

### STARTMORE RUDOLPH ET TL

CANM0005470579 • ICO 1650 (ESP 01-08)

Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P
926	-0,2	15	-0,05	25
IGT	ICAP	IPP	ICU	
0.85	-0.18	-0.47	0.8	

### MOHOEVE SONNI 84 EX92

NLDH0171804357

Edad	Dias	Leche	%G	Kg/G	%P	Kg/P
02/00	305	10383	4.00	415	3.38	351
	385	12705	4.07	517	3.42	435
03/02	305	14030	4.01	562	3.24	455
	408	16940	4.13	699	3.38	573
04/05	305	14427	4.31	622	3.24	468
	576	21878	4.38	959	3.42	748
06/02	305	14201	4.57	649	3.08	438
	495	19553	4.64	907	3.29	644
07/08	305	14895	4.59	684	3.32	494
	509	21850	4.62	1009	3.40	743
5 Lact.		92926	4.40	4091	3.38	3143

MOHOEVE SONNI 38  
NLDH0817217640

EX90-NLD  
SKALSUMER SUNNY BOY

MOHOEVE SONNI 7  
NLDH512624127

MB89-NLD  
TO-MAR BLACKSTAR ET TL

SONNI2  
NLDH507484941

EX94-NLD  
GLENFTON ENHANCER

SONNI  
DEUH2824379

EX94-DEU  
ADLER

SONIA 48  
DEUH2765588

MB89-DEU  
KEYSTONE J.P. LOUIE

**7 XERACIÓNS MB ou EX**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FERIA INTERNACIONAL  
Semana Verde  
de Galicia





# IV Escola de Xóvenes Manexadores

**Bos, do 1 ó 5 de setembro de 2008**

Co obxectivo de estimular a participación en concursos e exposicións, e perfeccionar as técnicas de preparación e presentación dos animais en pista, a Federación Frisona Galega, organizou na Finca de Bos, durante os días 1 ó 5 de Setembro, a 4ª Escola de Xóvenes Manexadores.

O curso foi impartido por **Javier Álvarez, Bonet Cid, Odón Castro e Pedro Saavedra** (Capataz da UTE/UDE de Bos).

Para a realización das actividades programadas, os alumnos foron agrupados por equipos de 2 persoas, asignando a cada equipo 4 animais cos que realizaron, -baixo a experta dirección dos seus monitores- as prácticas de lavado, alimentación, doma, pelado, exposición e presentación en pista. A pesar do apretado do programa e da duración das xornadas, os alumnos demostraron en todo

momento gran interese, realizando un traballo digno de auténticos profesionais.

Como colofón da Escola celebráronse os Concursos de Stands, Preparación de Animais e Manexo en Pista. O premio ó Mellor Stand conseguíuno o equipo nº 1 formado por **Águeda Capón Fernández e Álvaro Gómez Río**.

O premio de Mellor Preparador de animais foi para **José Mª Pérez García** quen, a continuación fíxose igualmente co título de Mellor Manexador.

Xa para rematar sorteáronse entre os participantes dous lotes de dous embrións, que corresponderon a José Mª Pérez García de Gandería Pérez, S.C. (Bos Rubens Rocio x Magor Bolivia Allen) e a Alba Álvarez Núñez, de Casa Silvela (Bos Mattie Salvora ET x Braedale Goldwyn).



Grupo 1  
Álvaro Gómez Río (Lugo)  
e Águeda Capón Fernández (Lugo)



Grupo 2  
José Mª Pérez García (Lugo)  
e Jorge Manuel Martins Marinho (Portugal)



Grupo 3  
Dinis Franco (Portugal), Alba Álvarez Núñez (Asturias)  
e José Manuel Souto Taboada (A Coruña)









# CXG

*estivemos en...*

## I Concurso de Manexo Xóvenes Gandeiros '08

Finca de Bos – Guísamo, 5 de setembro de 2008

Nas instalacións da UTE de Bos, e aproveitando a celebración da IV Escola de Manexo e Presentación, o pasado día 5 de Setembro, celebramos o noso primeiro concurso como clube. O xulgamento foi a cargo do noso compañeiro e Xuíz Nacional de Conafe, D. Javier Álvarez.

Unha vez rematadas as seccións e durante o xantar, fixemos entrega da nosa mascota ó Sr. D. Antonio Oca, Director Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria e "padriño" de nacemento do Clube e a D. Andrés Orjales Muiño de Albeitería, pola colaboración que nos presta na organización das nosas actividades.

### Sección 1.- Maiores de 24 anos

- 1.- D. Iván López López de Paradela – Lugo
- 2.- D. Odón Castro Díaz de Láncara – Lugo
- 3.- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Carmen Cancio Mesa de Ribadeo – Lugo

### Sección 2.- de 10 a 24 anos

- 1.- D. José M<sup>a</sup> Pérez García de Palas de Rei – Lugo
- 2.- D<sup>a</sup>. Águeda Capón Fernández de Chantada – Lugo
- 3.- D. Álvaro Gómez Río de Meira – Lugo

### Sección 3.- menores de 10 anos

- 1.- D. Xoan Carlos Dono Sánchez de Frades – A Coruña





## Participación nos Campeonatos Nacionais de...

Gijón, 25 e 26 de Setembro de 2008

A primeira saída da nosa comunidade como clube foi para participar nestes campeonatos celebrados en Gijón durante os días 25 e 26 de setembro. Os resultados pódelos ver a continuación.

### Preparadores

#### Sección 1ª - Juvenil

2ª.- Dª. Águeda Capón Fernández de Chantada - Lugo

#### Sección 2ª - Senior

1º.- D. Iván Ferreiros Señor de A Pastoriza - Lugo

2º.- D. Roi Capón Fernández de Chantada - Lugo

5ª.- Dª. Alba Álvarez Núñez de Vegadeo - Asturias

#### Sección 3ª - Profesional

1º.- D. José Mª Pérez García de Palas de Rei - Lugo

2º.- D. Pedro Manuel Campos Silva de Portugal

3º.- D. Iván López López de Paradela - Lugo

### Manejadores

#### Sección 1ª - Juvenil

3ª.- Dª. Águeda Capón Fernández

#### Sección 2ª - Senior

2ª.- Dª. Alba Álvarez Núñez


3º.- D. Iván Ferreiros Señor

4º.- D. Roi Capón Fernández

#### Sección 3ª - Profesional

3º.- D. Pedro Manuel Campos Silva

4º.- D. Iván López López




## Participación no desfile do San Froilán 2008

Lugo, 4 de Outubro de 2008

O Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, estivo presente o pasado 4 de outubro no desfile que anualmente realiza o Concello de Lugo polas rúas da cidade, coincidindo co San Froilán.

Esto foi posible gracias as Ganderías Capón de Chantada e Gandería Pozo de Lugo que prestaron catro exemplares ó persoal do Clube para realizar a presentación.



## vémonos en Silleda...

### Semana Verde 2008

Silleda, 20 - 23 de Novembro

O Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, estará presente durante a celebración da Semana Verde '08 cun stand promocional situado na nave de Gandería, e tamén participará activamente nos eventos que, durante estas xornadas se celebrarán entorno o gando frisón. **NON FALTEDES!!!!!!**



# Xacobeo, o nº 1

Na avaliación xenética de Xullo, Conafe '08, con 97 fillas en produción, 95 fillas en tipo, un **ICO de +2.774** e unha fiabilidade do 87% na súa primeira proba, **Mario Xacobeo** (Marshall x Rudolph), un touro do **Programa de Mellora Gandeira de Galicia**, colócase como indiscutible nº1 do Catálogo de Sementais Español (tours nacionais e extranxeiros).

Xacobeo transmite a súa descendencia unha gran capacidade de

produción (+1.181 Kg. de Leite) unido a unha extraordinaria morfología (+3,54 IGT) na que destacan as súas excelentes ubres (+3,48 ICU) e patas (+2,43), o que o convirten nun touro moi balanceado e de gran valor para os criadores de Frisón nacionais e extranxeiros (xa se teñen exportadas doses a USA, Canadá, Alemaña, Francia, etc,...).

Se ben e certo que Xacobeo lidera o ranking, non debemos esquecer que outros 25 sementais de **Fontao** ató-

panse entre os 100 mellores do catálogo, algúns son novos, como Darter e Moes (4º e 5º respectivamente) e outros de máis idade, como Landoi e Six que na última avaliación e cun 99% de fiabilidade, xa tiñan na súa proba 3.290 e 2.500 fillas respectivamente. Estes datos non só confirman o liderazgo da Xenética Galega, tamén avalan a traxectoria e solidez do **Programa de Mellora Gandeira de Galicia** e garanten a súa estabilidade e viabilidade no futuro.



## axenda 08

25-26 outubro XVII CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '08 (Lugo)

20-23 novembro XVII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA "FEFRIGA 2008"

I CONCURSO DE PREPARADORES DE GANDO SEMANA VERDE 2008

XXIV CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO"

8 novembro POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA (Lugo)

14 decembro POXA EN MONTERROSO (Lugo)





# CONGRESO INTERNACIONAL de VALORIZACIÓN Integral do Monte

Edición 2008: Aproveitamentos non madeirables

do 19 ao 22 de novembro 2008

## áreas temáticas:



### Sesión 1 SILVOPASTORALISMO


- Sistemas silvopastorais: principais tipos e deseños.
- Produtividade, calidade e manexo de sistemas silvopastorais.
- Implicacións ecolóxicas dos sistemas silvopastorais: biodiversidade e desenvolvemento sustentable.
- Beneficios económicos, sociais e culturais dos sistemas silvopastorais.
- Perspectivas futuras dos sistemas silvopastorais no contexto mundial.

### Sesión 2 OUTROS APROVEITAMENTOS DO MONTE

- Apicultura.
- Plantas aromáticas e medicinais.
- Cogomelos.
- A biomasa forestal primaria con fins enerxéticos.
- Caza.
- Froitos forestais: a castaña, a noz, arandos, amoras...
- Cortiza.
- Outros.



### Sesión 3 USO SOCIAL



- Turismo.
- Patrimonio cultural do monte: xacementos arqueolóxicos, etnografía, toponimia.
- Paisaxe.
- Externalidades.

Complementariamente ao desenvolvemento do Congreso, dentro do recinto da Feira Internacional Semana Verde de Galicia (Silleda, Pontevedra), habilitarase un espazo expositivo relacionado cos aproveitamentos forestais non madeirables.

O día 22 de novembro 2008 está previsto organizar unha visita técnica ao recinto da Feira, complementada cunha ruta de interese turístico.

<http://semanaverde.es>

## cotas:

Ata o 15 de outubro de 2008:

- Modalidade dun só día: 60 €
- Congreso completo: 150 €

Entre o 16 de outubro e o 7 de novembro de 2008:

- Modalidade dun só día: 90 €
- Congreso completo: 200 €

A cota inclúe a documentación do congreso, pausa - café, desprazamentos hotel - congreso e diploma acreditativo de asistencia.

*Os idiomas oficiais do congreso son o galego, castelán e inglés.*

<http://congresovalorizaciondomonte.com>



Coa participación da Comisión Europea.  
Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Montes e Industrias Forestais



Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, Santiago de Compostela  
Feira Internacional Semana Verde de Galicia

# NUDESA

NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando* **BOS**

[www.nudesa.com](http://www.nudesa.com) • Tel. 986 581 200